

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG13I1TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

Número 6 .- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación do proxecto de acondicionamento interior do xacemento do castelo da Rocha Forte.

Destinatario

15078DCMG13I1TO#



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11 de novembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

6 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO, VIVENDA E CIDADE HISTÓRICA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO XACEMENTO DO CASTELO DA ROCHA FORTE.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta do arquitecto xefe do Servizo de Proxectos e Obras, e da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural, de data 7 de novembro de 2019, que é do seguinte teor literal:

"INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO XACEMENTO DO CASTELO DA ROCHA FORTE

Primeiro. ANTECEDENTES

1.- O Castelo da Rocha Forte ten a consideración de Ben de Interese Cultural, declarado por Decreto 22/04/1949, sobre protección dos castelos españois (BOE n°125 do 05/05/1949). Atópase ademais recollido no Catálogo de Bens Culturais do PXOM de Santiago de Compostela, con aprobación definitiva do 03/10/2007.

2.- Entre os anos 2001 e 2009 realizáronse ata un total de 6 actuacións arqueolóxicas no xacemento, centradas, fundamentalmente, na escavación e restauración das murallas e liza nos sectores sueste e suroeste.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

3.- No ano 2013, ao abeiro da subvención concedida polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, acometeuse a escavación e restauración de toda a superficie de intramuros da fortaleza e das dúas liñas defensivas, e procedeuse ao peche do xacemento cun valado. Iniciouse ao tempo un programa de difusión e posta en valor da fortaleza.

4.- No mesmo ano encárgase a redacción do proxecto de execución de "Acondicionamento interior do xacemento do Castelo da Rocha" ao estudo de arquitectura rvr arquitectos, que fai entrega dunha copia do proxecto por Rexistro Xeral do Concello (Nº 59.295) o 22/12/2014.

Durante a elaboración do proxecto, mantivéronse contactos para a obtención de información e establecemento de criterios co servizo municipal de Arqueoloxía (Criterios de actuación e determinación da necesidade de control arqueolóxico).

5.- Con data 11/04/2014 recíbese informe dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Augas de Galicia) condicionando as obras que se vaian a realizar no ámbito do Plan Especial a autorización administrativa do organismo de conca.

6.- Con data 27/03/2016 recíbese informe da Dirección Xeral de Patrimonio de Galicia relativo ao proxecto de execución e "Acondicionamento interior do Castelo de A Rocha Forte":

" *Estímase que as actuacións propostas axústanse e son coherentes cos criterios e condicións de conservación do patrimonio cultural galego que establece e regula a lexislación vixente na materia, é autorizable conforme ao que determinan a Lei 8/1985 do patrimonio histórico español e os artigos 39, 43 e 44 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia e polo tanto, sen prexuízo de calquera outro informe sectorial, autorización ou licenza que resulte precisa en virtude da natureza das intervencións, infórmase favorablemente o Proxecto de execución e acondicionamento interior do xacemento do castelo da Rocha Forte (Santiago de Compostela, A Coruña).*

Informe que se condiciona ao cumprimento das seguintes cautelas no proceso de execución e modificacións do documento técnico presentado:

- *Con carácter previo ao inicio das obras, e tal e como se indica na documentación presentada, será necesaria a presentación para a súa autorización pola Dirección Xeral de*

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

Patrimonio Cultural, dun proxecto de control arqueolóxico, asinado por técnico competente, e que cumpra cos requisitos esixidos no Decreto 199/97, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Durante a execución dos traballos manterase a coordinación necesaria cos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ante calquera incidencia que poida supoñer unha modificación do proxecto autorizado, o que non obvia a necesidade de solicitar as autorizacións preceptivas no seu caso para a súa execución.

- No relativo á cor do acabado das novas estruturas metálicas considérase conveniente realizar unha probas "in situ" con diferentes cores, en aras da integración cos restos do propio castelo para conseguir a mellor lectura do conxunto fortificado.

- Así mesmo, unha vez rematada a intervención, a Dirección Facultativa realizará unha memoria na que figure, polo menos, a descrición pormenorizada da obra executada e dos tratamentos aplicados, así como a documentación gráfica do proceso seguido, segundo o preceptuado no artigo 43.2 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia."

7.- O Servizo da Oficina de Rehabilitación e Vivenda do Concello de Santiago emitiu informe previo para o proxecto de "Acondicionamento interior do xacemento do castelo da Rocha" con data de 24 de xaneiro de 2018, concluíndo o mesmo coa necesidade de realización dun control arqueolóxico das obras de acondicionamento e destacando que as actuacións proxectadas axústanse ao previsto no Plan Especial (PE 7R).

8.- Dito proxecto forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) de Santiago de Compostela. Esta operación contribuirá ao Vector Estratéxico Compostela Patrimonial, mediante a recuperación, integración e posta en valor do xacemento arqueolóxico, encadrado dentro da liña de actuación "LA8.Rehabilitación e promoción do patrimonio histórico, arquitectónico e cultural", Obxectivo Temático "OT.06. Conservar e Protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos".

A Operación denominada "Acondicionamento Interior do Castelo da Rocha" foi seleccionada en XGL o 13/03/2018 a efectos de que sexa aprobada perante a Autoridade de Xestión do Programa Operativo de Crecemento Sostible (Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Facenda e Función Pública).

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

Segundo. FUNDAMENTOS DE DEREITO

2.1.- Esta actuación está encadrada dentro do Plan Especial de "Protección e Acondicionamento do Parque Arqueolóxico da Rocha (PE-7R)", aprobado definitivamente o 30/01/2015, axustándose totalmente ao previsto no mesmo e dando resposta, de forma máis concreta, aos obxectivos marcados como 1,2,3 e 6 no documento de planeamento:

"1. Recuperación e posta en valor dos restos arqueolóxicos do castelo de A Rocha Forte e dos elementos territoriais a el asociados, creándose un espazo no que se permita a observación, análise e estudo dos citados bens culturais.

2. Definir unha área destinada ao aparcadoiro de vehículos (coches e autobuses) dos visitantes do Parque Arqueolóxico, con acceso dende a rúa Churruchao.

3. Posibilitar a construción e instalación dos elementos necesarios para a adecuada visualización e interpretación dos restos arqueolóxicos, incluíndose aqueles elementos e/ou construcións destinados a mellorar as condicións de accesibilidade dos visitantes, a establecer puntos de observación que permitan unha percepción global do conxunto, á recepción de visitantes e ao almacenamento, preservación, protección e exposición ao público dos elementos arqueolóxicos procedentes do xacemento.

6. Protexer todos aqueles elementos relacionados coa estruturación orixinal do territorio agrícola vinculado ao núcleo de A Rocha vella e ao Castelo: camiños, muros, bancais, canais de rego, presas, integrándoos na estrutura do parque arqueolóxico".

2.2.- Aplícanse ademais as seguintes normas:

- A lexislación de contratos
- O Código Técnico da Edificación - Anexo I (no caso de resultar de aplicación)
- A normativa urbanística de aplicación
- Lei de Accesibilidade de Galicia

Terceiro. DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN

3.1. Ámbito e obxectivos

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG13I1TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

O ámbito do presente proxecto correspóndese coa área escavada durante a campaña arqueolóxica realizada no ano 2013 e que está actualmente definida por un valado construído pouco despois de finalizar dita campaña.

A proposta de actuación consiste en establecer un percorrido para o público no interior do xacemento do Castelo de A Rocha, propoñendo un itinerario polo seu interior que permita tanto a súa divulgación como a súa protección.

Os obxectivos perseguidos son os seguintes:

- Establecer un itinerario que permita ao público visitante a comprensión do xacemento.
- Protección dos restos arqueolóxicos.
- Potenciación dos fitos fundamentais do xacemento.
- Sinalización dos fitos e itinerarios.
- Redución do impacto visual nas vías e ferrocarril.
- Estudo da circulación natural da auga de choiva sobre os solos do xacemento e establecemento das medidas correctoras para minimizar os seus danos.

O criterio seguido para o acondicionamento interior do xacemento é o de intervención mínima, valorando ante todo a comprensión da ruína existente, evitando no posible que a intervención arquitectónica proposta entre en competencia con aquela ou teña un protagonismo excesivo.

3.2 Descrición da actuación

Establécese un itinerario conceptual sobre o cal establecer a musealización do xacemento e das actuacións arquitectónicas para levalo a cabo.

En xeral tratarase no posible de que o percorrido do visitante se realice sobre o propio solo resultado das escavacións máis recentes. O solo terra-xabre utilizarase como pavimento xeral en todas aquelas zonas nas que a topografía existente permita unhas condicións adecuadas de accesibilidade.

Deséñanse unha serie de plataformas que se elevan lixeiramente do chan actual, salvando os obstáculos interiores do xacemento e representan un elemento de sinalización, guiando ao visitante no percorrido e marcándolle os fitos máis significativos.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG13I1TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

No seu deseño búscase que a súa presenza dende o exterior sexa mínima, quedando o seu perfil sempre a unha cota máis baixa que o da muralla exterior do castelo.

Como complemento á visita, e para ampliar información sobre o xacemento e axudar no percorrido, situaranse unha serie de paneis informativos que permitan orientarse polo mesmo, localizar os fitos fundamentais e obter unha pequena explicación engadida dos mesmos. Seguirán a pauta dos xa realizados no exterior do xacemento e serán de dous tipos: sinalización direccional e sinalización de fito.

Actuacións propostas:

A.1_ Entrada ao recinto arqueolóxico:

Establécese un solado de pezas de granito asentadas sen morteiro sobre o chan existente marcando a entrada ao xacemento. Realizarase a nivel do chan cun ancho de 150cm e complementarase cun panel de sinalización.

A.2_ Acceso á estancia subterránea baixo a torre oeste:

Dende a entrada partirá un sendeiro de terra apisoada de 120 cm de ancho, que conducirá ao visitante ata a escaleira de acceso á estancia, acceso que estará controlado e só permitido a visitas con guía. Nese ámbito previo situarase un panel explicativo do elemento a visitar.

A.3, A.4_ Plataformas para acceso a recinto de dependencias oeste, muralla oeste e pozo:

Dende a zona central do castelo e cara a zona oeste proxéctase unha plataforma con dous chanzos (A.3.). Nesta zona o itinerario realízase sobre o propio chan compactado para acercarse á zona do pozo do castelo, onde unha segunda plataforma elévase sobre a muralla oeste, establecendo un novo punto de vista da fortificación (A.4.). Este elemento protexerase cunha varanda que impida o acceso libre á muralla, advertindo ao tempo das posibles caídas. Situaranse paneis explicativos destes elementos arqueolóxicos.

A.5_ Plataforma de acceso a alxibe 1 e miradoiro de liza e falsa braga oeste:

Nova plataforma situada tamén no recinto das dependencias que conducirá ata a zona de primeira baixada ao alxibe. Dita plataforma superará a altura da muralla ata chegar a un punto de observación do sistema defensivo oeste e dende ela parte unha pequena escaleira ata a baixada do alxibe. Terá varandas de protección.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

A.6_ Plataforma de acceso a alxibe polo interior do castelo e ao ámbito da torre sur:

Nova plataforma dende a zona central do castelo ata as escaleiras de baixada ao alxibe dende o interior do castelo. Quedará elevada catro chanzos por riba do último chanzo do alxibe, permitindo unha base de observación e estará protexida con varandas e cancelas.

Esta plataforma bifurcarase noutro ramal máis estreito rematado en catro chanzos que conduce ata o recinto da torre sur.

A.7_ Plataforma de acceso á torre sur:

Nesta zona complicase a accesibilidade, tendo que recorrer a escaleiras para acceder aos fitos da visita ou obrigando a camiñar sobre a propia roca natural do chan. Constrúese así unha escaleira que acaba nun pequeno miradoiro elevado uns 154 cm dende o chan sobre o flanco oeste do castelo e do sistema de abastecemento de auga. Disporá de varandas de protección e panel explicativo.

A.8, A.9_ Escaleira de baixada e paseo pola liza sur:

O paseo farase dende unha escaleira que salva unha altura de 225cm (A.8) e estará protexido por unha varanda.

A.10_ Torre da homenaxe:

Reconstrución especializada do seu muro perimetral ata uns 150cm (non entra dentro das partidas comprendidas neste proxecto), construción dun chan no interior do recinto e nova plataforma coincidiría co primeiro nivel da antiga torre.

A.11_ Límite este, torre e muralla este:

Atopáronse restos dos muros nesta zona. Proponse levantar unha pantalla de perfís laminados de aceiro fincados no terreo dunha altura aproximada de 180cm, recollendo na súa planta a traza hipotética da muralla e da torre e servindo ao tempo de fondo de exposición nesa zona dunha mostra seleccionada de pezas de labra e cantería recollidas da última escavación.

A.12_ Provisión de bolaños procedentes do asedio e destrución do castelo:

Provisión de bolaños de distintos diámetros, procedentes do asedio e destrución da fortaleza situándose tamén un panel do fito con información complementaria.

A.13_ Peche este paralelo ao límite do ferrocarril:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

Levantarase un novo peche complementario similar ao executado no perímetro do xacemento, con barras verticais de diámetro 20mm pero formando unha pantalla máis densa que permita un maior distanciamento acústico e visual das vías do ferrocarril.

3.3 Actuacións previstas

A proposta suporá a execución dos seguintes traballos:

- Actuacións previas, protección do xacemento e implantación in situ das actuacións.
- Construción das plataformas.
- Construción do límite este de chapa de aceiro.
- Intervención na torre da homenaxe.
- Construción do peche paralelo á vía do tren.
- Construción dos paneis informativos.

Cuarto. DOCUMENTO PRESENTADO

O contido do documento aportado polos técnicos redactores cumpre cos mínimos dispostos na lexislación vixente de contratos, na sección 1ª do Capítulo VIII do Título III do Plan Xeral de Ordenación Municipal (DOGA 204/07 de 20 de outubro), e no apartado 6.3.3. da Memoria do (PE 7R), constando dos seguintes documentos:

1. MEMORIA DESCRIPTIVA

- 1.1 Axentes
- 1.2 Información previa. Antecedentes
- 1.3 Descrición do proxecto
- 1.4 Fotografías de estado actual

2. MEMORIA URBANISTICA

3. MEMORIA CONSTRUTIVA

- 3.1 Actuacións Previas
- 3.2 Construción das plataformas e varandas
- 3.3 Construción do límite este de chapa de aceiro
- 3.4 Intervención na torre da homenaxe
- 3.5 Construción do peche paralelo á vía do tren
- 3.6 Construción dos paneis informativos

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

4. CUMPRIMENTO DO CTE
5. CUMPRIMENTO DOUTROS REGULAMENTOS
 - 5.1. Cumprimento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas en Galicia
 - 5.2. Estudo da Xestión de residuos
6. PRAZO DE EXECUCIÓN. PLAN DE OBRA
7. CATEGORÍA DO CONTRATO E CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
8. CERTIFICADO DE OBRA COMPLETA
9. ACTA DE IMPLANTACIÓN PREVIA
10. NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO
11. PLAN DE CONTROL DE CALIDADE
12. PREGO DE CONDICIÓNS
13. MEDICIÓNS E ORZAMENTO
 - 13.1. Cadro de prezos simples
 - 13.2. Cadro de prezos descompostos
 - 13.3. Medicións
 - 13.4. Orzamento
 - 13.5. Resumo de orzamento
14. ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

Quinto. INFORME DO SERVIZO DE PROXECTOS E OBRAS

5.1. Análise do contido

Segundo o informe da arquitecta do Servizo de Proxectos e Obras D^a Teresa Vázquez Hernández de data 04 de novembro de 2019 a información recollida no documento é suficiente e adecuada, tanto en cantidade como en escala, coa precisión esixible a un proxecto de execución e que permite que as obras poidan ser executadas por técnico competente distinto do autor do proxecto.

CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓNS DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE

A totalidade da intervención prevista atópase en solo clasificado como rústico de especial protección, no ámbito do "Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Parque Arqueolóxico de A Rocha (PE-7R)", aprobado definitivamente con data 30/01/2015 (coas

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

consideracións reflectidas na Disposición transitoria undécima da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente por Orde do 1 de setembro de 2008).

O ámbito de actuación cingúese ao delimitado polo antedito Plan Especial e cumpre cos obxectivos marcados como 1 e 3 de dito planeamento.

AFECCIÓNS

O proxecto conta cos informes favorables e/ou autorizacións dos seguintes organismos:

CONCELLO_Arqueoloxía

XUNTA_Patrimonio Cultural_ Informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia (16/03/2018) condicionado ao cumprimento das seguintes cautelas no proceso de execución e modificacións do documento técnico presentado:

" - Con carácter previo ao inicio das obras, e tal como se indica na documentación presentada, será necesaria a presentación para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dun proxecto de control arqueolóxico, asinado por técnico competente, e que cumpra cos requisitos esixidos no Decreto 199/97, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Durante a execución dos traballos manterase a coordinación necesaria cos Servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ante calquera incidencia que poida supoñer unha modificación do proxecto autorizado, o que non obvia a necesidade de solicitar as autorizacións preceptivas no seu caso para a súa autorización.

- No relativo á cor do acabado das novas estruturas metálicas considérase conveniente realizar unhas probas "in situ" con diferentes cores en aras da integración cos restos do propio castelo para conseguir a mellor lectura do conxunto fortificado.

- Así mesmo, unha vez rematada a intervención, a Dirección Facultativa realizará unha memoria na que figure, polo menos, a descrición pormenorizada da obra executada e dos tratamentos aplicados, así como a documentación gráfica do proceso seguido, segundo o preceptuado no artigo 43.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia."

XUNTA_ Augas de Galicia_

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

- Informe favorable do Enxeñeiro Técnico do Servizo Territorial de Augas de Galicia (15/01/2019), con condicionantes a ter en conta durante a execución das obras pero que non modifican o proxecto: drenaxes, arrastres, comunicación da finalización das obras, etc....

- Resolución favorable da Xefa do Servizo Territorial (11/03/2019) con condicionantes a ter en conta durante a execución das obras pero que non modifican o proxecto: drenaxes, arrastres, ocupacións, toldamentos, etc....

ESTADO_ ADIF-Alta Velocidade_

Segundo o disposto no artigo 16.1 da Lei 38/2015 do Sector Ferroviario, para executar, nas zonas de dominio público e de protección da infraestrutura ferroviaria, calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou provisionais, cambiar o seu destino ou o tipo de actividade que se pode realizar nelas e plantar ou cortar árbores, requirirase a autorización previa do administrador de infraestruturas ferroviarias.

Resolución favorable da Entidade Pública Empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), outorgando a autorización solicitada para a realización das obras (Expdte Ref: 8-085/19).

CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE VIXENTE

Segundo a vixente lei 10/2014, de 3 decembro, de accesibilidade de Galicia, en tanto non se proceda ao desenvolvemento regulamentario da mesma, seguirase aplicando a normativa vixente inmediatamente anterior.

Segundo o artigo 29 da Lei 10/2014, "os bens declarados protexidos como bens de interese cultural ou incluídos en catálogos municipais ou en plans especiais de protección por razón do seu valor particular valor histórico-artístico poderán ser obxecto daquelas solucións alternativas que permitan as mellores condicións de accesibilidade posibles sen incumprir a normativa específica reguladora destes bens, e incorporarán os elementos de mellora que non alteren o seu carácter ou os valores polos que son protexidos".

Segundo o artigo 28.3.b do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras, "ós inmobles que se encontren declarados bens de interese cultural ou incluídos nos catálogos municipais de edificios protexidos non les será de aplicación o disposto neste regulamento, sempre que as modificacións necesarias afecten elementos obxecto de protección".

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

O Castelo da Rocha Forte ten a consideración de Ben de Interese Cultural, declarado por Decreto 22/04/1949, sobre protección dos castelos españois (BOE n°125 do 05/05/1949) e aparece ademais recollido no Catálogo de Bens Culturais do PXOM de Santiago de Compostela, con aprobación definitiva do 03/10/2007. Atópase nun ámbito de protección especial e polo tanto as medidas a adoptar deben ser consecuentes coa imaxe, o carácter e a escala do ámbito mencionado, debendo buscar as solucións que mellor se adapten aos fins perseguidos sen afectar negativamente ás calidades ambientais do entorno e compatibles en todo caso coa súa protección.

O proxecto presentado xustifica a adopción de solucións alternativas que permitan as mellores condicións de accesibilidade posibles dentro do xacemento arqueolóxico, xa que as diferenzas orográficas existentes supoñen importantes obstáculos, facendo moi difícil a aplicación da normativa vixente en materia de accesibilidade sen que supoña a solución de medidas arquitectónicas que poderían facer ilexible e irrecoñecible o ben patrimonial, impedindo así a súa comprensión e incluso a súa correcta conservación, polo que deberá ser valorado pola Comisión técnica de Accesibilidade.

XUNTA_Comisión Técnica de Accesibilidade_Ditame A67/2018_ 12/07/2019 fai entrada no RX do Concello de Santiago ditame favorable da CTA cos seguintes condicionantes:

"- O deseño dos paneis informativos debe cumprir as condicións que establece a normativa de accesibilidade, en concreto as bases 1.4.2. e 2.4.3. do Código de accesibilidade aprobado mediante o Decreto 35/2000 e a definición de punto de atención accesible incluída no DB SUA (consideración n.5)

Considérase que os paneis deseñados no proxecto cumpren co disposto na normativa de accesibilidade mencionada, polo que non é preciso modificar o proxecto. En canto aos paneis existentes aos que se fai referencia no informe (pto n.5), levaranse a cabo as actuacións oportunas para que cumpran coa normativa de accesibilidade en vigor.

4. CONCLUSIÓN

Á vista de canto antecede, infórmase favorablemente o proxecto presentado co obxecto e alcance indicado ao inicio do presente informe atendendo ás condicións expostas nos informes sectoriais solicitados e antes mencionados.

ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material)	61.925,50 €
--	-------------

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)	73.691,35	€
O.B.L. + I.V.E. I.V.E.)	89.166,53	€ (O.E.C. + 21%

PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de 2 meses.

Este prazo establecece á marxe de posibles retrasos na execución da obra por falta de dispoñibilidade da totalidade do ámbito de intervención por parte da empresa adxudicataria causada por calquera condición allea a empresa que xustifique unha prolongación da execución do contrato. Neste caso, á vista das novas condicións establecidas, o Concello e a empresa adxudicataria pactarán os novos prazos correspondentes coherentemente cos tempos e ritmo de execución ofertados no seu día no correspondente plan de obra.

TITULARIDADE DOS TERREOS

A totalidade das parcelas onde se levarán a cabo as obras de acondicionamento do xacemento arqueolóxico son propiedade do Concello de Santiago de Compostela, como ben se expón no certificado de titularidade emitido con data 25 de outubro de 2019 pola sección de patrimonio do concello.

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

De acordo co establecido na Lei 9/2017 "Lei de Contratos do Sector Público" e no RD 1098/2001 "Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas", non é necesario establecer clasificación por tratarse dun importe inferior a 500.000 €. Sen embargo, indícase que a clasificación do contratista deberá ser Grupo K. Subgrupo 7. Categoría 1. (Especial de Restauración de bens inmobles histórico-artísticos).

OBRA COMPLETA

O presente proxecto inclúe todos os traballos que o converten en executables e utilizables, resultando susceptible de ser entregado ao uso xeral ou servizo correspondente, polo que se consideran obras completas no senso estipulado no artigo 99 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017 e no artigo 125 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e así se declara

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

expresamente en cumprimento do esixido polo artigo 127 do Regulamento.

CONDICIÓNS PARA A CONTRATACIÓN

Infórmase, a efectos da elaboración do correspondente prego de condicións técnicas e administrativas para a adxudicación do contrato de execución das obras, que:

Non debería incluírse como un aspecto a puntuar a efectos da adxudicación da execución das obras unha posible redución do prazo de execución estimado no proxecto, dado que ao tratarse de traballos técnicos con procedementos de execución estándares, onde xa se estima unha capacidade óptima das empresas adxudicatarias para realizar os traballos do xeito mais adecuado dende o punto de vista da eficiencia na relación entre calidade e duración de execución, entendo que a alteración deste parámetro só pode aportar tensións e riscos para a correcta execución dos traballos. Ademais, debería establecerse o prazo en días hábiles, para evitar problemáticas de cómputo de prazos cando existen períodos non hábiles por convenio que poden incidir no mesmo.

En canto ás potenciais ofertas de redución do prezo, enténdese que os prezos de execución material recollidos no proxecto están suficientemente axustados á realidade e especificidade das obras previstas, polo que non se considera razoable supoñer que se poidan rebaixar. Así, os únicos conceptos susceptibles de rebaixa, no seu caso, serían os gastos xerais e o beneficio industrial. Tendo isto en conta e supoñendo incluso a posibilidade de que algún prezo dalgún material concreto puidera ser susceptible de rebaixa, enténdese que calquera oferta económica que supoña unha baixa superior ao 15% debería ter a consideración de anormal ou desproporcionada segundo o prego.

De conformidade co ata aquí establecido propónse:

APROBAR o proxecto de acondicionamento interior do xacemento do castelo da Rocha Forte elaborado por RVR arquitectos coas seguintes condicións:

- Con carácter previo ao inicio das obras, e tal como se indica na documentación presentada, será necesaria a presentación para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dun proxecto de intervención arqueolóxica, asinado por técnico competente, e que cumpra cos requisitos esixidos no Decreto 199/97,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG13I1TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Durante a execución dos traballos manterase a coordinación necesaria cos Servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ante calquera incidencia que poida supoñer unha modificación do proxecto autorizado, o que non obvia a necesidade de solicitar as autorizacións preceptivas no seu caso para a súa autorización.

- No relativo á cor do acabado das novas estruturas metálicas considérase conveniente realizar unhas probas "in situ" con diferentes cores en aras da integración cos restos do propio castelo para conseguir a mellor lectura do conxunto fortificado.

- Así mesmo, unha vez rematada a intervención, a Dirección Facultativa realizará unha memoria na que figure, polo menos, a descrición pormenorizada da obra executada e dos tratamentos aplicados, así como a documentación gráfica do proceso seguido, segundo o preceptuado no artigo 43.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

- En canto aos paneis existentes, levaranse a cabo as actuacións oportunas para que cumpran coa normativa de accesibilidade en vigor.

- Cumpliranse as condicións fixadas por Augas de Galicia e ADIF.

- Non debería incluírse como un aspecto a puntuar a efectos da adjudicación da execución das obras unha posible redución do prazo de execución estimado no proxecto, dado que ao tratarse de traballos técnicos con procedementos de execución estándares, onde xa se estima unha capacidade óptima das empresas adjudicatarias para realizar os traballos do xeito mais adecuado dende o punto de vista da eficiencia na relación entre calidade e duración de execución, entendo que a alteración deste parámetro só pode aportar tensións e riscos para a correcta execución dos traballos. Ademais, debería establecerse o prazo en días hábiles, para evitar problemáticas de cómputo de prazos cando existen períodos non hábiles por convenio que poden incidir no mesmo.

- En canto ás potenciais ofertas de redución do prezo, enténdese que os prezos de execución material recollidos no proxecto están suficientemente axustados á realidade e especificidade das obras previstas, polo que non se considera razoable supoñer que se poidan rebaixar. Así, os únicos conceptos susceptibles de rebaixa,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1311TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

no seu caso, serían os gastos xerais e o beneficio industrial. Tendo isto en conta e supoñendo incluso a posibilidade de que algún prezo dalgún material concreto puidera ser susceptible de rebaixa, enténdese que calquera oferta económica que supoña unha baixa superior ao 15% debería ter a consideración de anormal ou desproporcionada segundo o prego

- O orzamento máximo de licitación é de 89.166,53 €, IVE incluído. O prazo de execución é de 2 meses. A clasificación do contratista deberá ser Grupo K. Subgrupo 7. Categoría 1. (Especial de Restauración de bens inmoables histórico-artísticos)."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

APROBAR o proxecto de acondicionamento interior do xacemento do castelo da Rocha Forte elaborado por RVR arquitectos coas seguintes condicións:

- Con carácter previo ao inicio das obras, e tal como se indica na documentación presentada, será necesaria a presentación para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dun proxecto de intervención arqueolóxica, asinado por técnico competente, e que cumpra cos requisitos esixidos no Decreto 199/97, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Durante a execución dos traballos manterase a coordinación necesaria cos Servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ante calquera incidencia que poida supoñer unha modificación do proxecto autorizado, o que non obvia a necesidade de solicitar as autorizacións preceptivas no seu caso para a súa autorización.

- No relativo á cor do acabado das novas estruturas metálicas considérase conveniente realizar unhas probas "in situ" con diferentes cores en aras da integración cos restos do propio castelo para conseguir a mellor lectura do conxunto fortificado.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG13I1TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

- Así mesmo, unha vez rematada a intervención, a Dirección Facultativa realizará unha memoria na que figure, polo menos, a descrición pormenorizada da obra executada e dos tratamentos aplicados, así como a documentación gráfica do proceso seguido, segundo o preceptuado no artigo 43.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

- En canto aos paneis existentes, levaranse a cabo as actuacións oportunas para que cumpran coa normativa de accesibilidade en vigor.

- Cumpliranse as condicións fixadas por Augas de Galicia e ADIF.

- Non debería incluírse como un aspecto a puntuar a efectos da adxudicación da execución das obras unha posible redución do prazo de execución estimado no proxecto, dado que ao tratarse de traballos técnicos con procedementos de execución estándares, onde xa se estima unha capacidade óptima das empresas adxudicatarias para realizar os traballos do xeito mais adecuado dende o punto de vista da eficiencia na relación entre calidade e duración de execución, entendo que a alteración deste parámetro só pode aportar tensións e riscos para a correcta execución dos traballos. Ademais, debería establecerse o prazo en días hábiles, para evitar problemáticas de cómputo de prazos cando existen períodos non hábiles por convenio que poden incidir no mesmo.

- En canto ás potenciais ofertas de redución do prezo, enténdese que os prezos de execución material recollidos no proxecto están suficientemente axustados á realidade e especificidade das obras previstas, polo que non se considera razoable supoñer que se poidan rebaixar. Así, os únicos conceptos susceptibles de rebaixa, no seu caso, serían os gastos xerais e o beneficio industrial. Tendo isto en conta e supoñendo incluso a posibilidade de que algún prezo dalgún material concreto puidera ser susceptible de rebaixa, enténdese que calquera oferta económica que supoña unha baixa superior ao 15% debería ter a consideración de anormal ou desproporcionada segundo o prego

- O orzamento máximo de licitación é de 89.166,53 €, IVE incluído. O prazo de execución é de 2 meses. A clasificación

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG13I1TO	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-11-19 09:45

do contratista deberá ser Grupo K. Subgrupo 7. Categoría 1. (Especial de Restauración de bens inmobles histórico-artísticos).

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO


Asdo:Gomersindo Guinarte Cabada

